

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2011 pola que fai público o nomeamento dun novo membro do tribunal que xulgará o proceso selectivo para o acceso á categoría superior da subescala de Intervención-Tesouraría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Por Resolución do 6 de agosto de 2010 do director xeral de Administración local convocouse proceso selectivo para o acceso á categoría superior da subescala de Intervención-Tesouraría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Por Resolución do 7 de outubro de 2010, do director xeral de Administración local resolveuse o recurso de reposición á devandita convocatoria.

Por Resolución do 20 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Cooperación Local, dáse publicidade á convocatoria de probas selectivas para o acceso á categoría superior da subescala de Intervención-Tesouraría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal efectuada pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Por Resolución do 20 de xaneiro de 2011, do director xeral de Administración local, aprobouse a relación provisional de admitidos e excluídos ás devanditas probas con indicación das causas de exclusión, e fixouse un prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para formular as alegacións que considerasen oportunas.

Por Resolución do 20 de maio de 2011, do director xeral de Administración local, apróbase a lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo, a data do exame e désígnase a composición do tribunal cualificador do devandito proceso.

Visto que en Antonio López Díaz, suplente do presidente, concorren causas de abstenición conforme o artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, esta dirección xeral, no uso das competencias que lle atribúe o artigo 15.1 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, en relación coa Orde do 12 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias,

RESOLVE:

Primeiro. Nomear suplente do presidente a Roberto Fernández Sánchez, profesor titular de Dereito Financeiro e Tributario. Universidade de Santiago de Compostela.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2011.

P.D. (Orde do 12.9.2005; DOG n.º 177, do 14 de setembro)
José Norberto Uzal Tresandí
Director xeral de Administración local